

Revisión de rexistros de tartarugas mariñas en España entre 1850 e 1990 mediante o uso de hemerotecas dixitais

Pablo Covelo

CEMMA. Ap 15, 36380 Gondomar, Pontevedra.cemma@arrakis.es

Resume: Exame dos rexistro de tartarugas mariñas en España entre os anos 1850 e 1990, a través de publicacións periódicas de arquivo, para completar os listados de rexistros de tartarugas mariñas existentes para as costas españolas,. Faise unha revisión de hemerotecas con fondos dixitalizados entre os anos 1850 e 1990. Vese que estas ferramentas poden ser útiles para especies singulares que chamen a atención, atopándose 66 rexistros, dos que foi posible facer a identificación da especie en 30. A maioría deles son noticias sobre a captura de animais de grandes dimensións.

Abstract: Review of records of sea turtles in Spain between 1850 and 1990 using digital newspapers archives. Trying to complete lists of published records for sea turtles at the Spanish coasts, a review of digital newspapers archives was carried out, for the period between 1850 and 1990. It seems to be a useful tool for remarkable species that attract attention of media. 66 records were found, and for 30 of them it was possible to make and identification of specie. Most of them are concerned with by-catch of big individuals.

Résumé: Examen des enregistrements de tortues marines en Espagne entre 1850 et 1990 à l'aide de journaux d'archives numériques. Pour obtenir une liste complète des enregistrements existants de tortues marines de la côte espagnole. On fait un examen des archives des fonds de journaux numérisés entre 1850 et 1990. Ces outils peuvent être utiles pour des espèces uniques qui attirent l'attention, en trouvant 66 dossiers, entre lesquels on a été possible d'identifier l'espèce à 30 cas. La plupart de ces nouvelles sont des captures de grands animaux.

1.- INTRODUCIÓN

Coa intención de completar a información bibliográfica sobre a presenza de tartarugas mariñas nas costas ibéricas (Brongersma 1972, Penas-Patiño e Piñeiro 1989, López *et al.* 2014), pensouse en utilizar as cada vez más accesibles hemerotecas con fondos dixitalizados, que permitan a búsqueda a través de palabras chave, ofrecendo unha importante base de datos para estudos de fauna, sobre todo para especies singulares que chamen a atención da prensa, e que teñen a vantage sobre outras fontes (testimonios orais, libros, ...) de estar datadas e de dar acceso a medios de ámbito local que no seu día era moi difícil consultar.

2.- MATERIAIS E MÉTODOS

Para tentar atopar citas descoñecidas de tartarugas mariñas realizaouse unha búsqueda para o período 1850-1990 nas seguintes hemerotecas dixitais, durante os meses de maio e xuño de 2014: Galicana, xestionada pola Biblioteca de Galicia. (<http://www.galicana.bibliotecadegalicia.xunta.es>), Biblioteca Virtual de Prensa Histórica, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (<http://prensahistorica.mcu.es>), Hemeroteca Digital de la Biblioteca Nacional de España (<http://hemerotecadigital.bne.es>) e a Biblioteca Virtual del Principado de Asturias (<http://www.bibliotecavirtual.asturias.es>). Escollerónse estas hemerotecas por facilitar a búsqueda de palabras chave coa posibilidade de acotar os períodos de tempo para a búsqueda e a obtención de resultados de forma automática. Outras hemerotecas teñen os fondos dixitalizados mais só permiten á búsqueda automática exemplar por exemplar.

Tamén débese ter en conta que os resultados que obteremos están claramente condicionados en primeiro lugar polos documentos que estean neste momento disponíveis para a súa consulta, algo que pode variar e incrementarse no tempo, e tamén pola propia notoriedade da casuística, xa que é de agardar que sexan as tartarugas de maior tamaño, ou más singulares, as que se vexan recollidas na prensa xeneralista da época. Mesmo dependendo da distinta zona xeográfica, a súa relevancia tamén pode variar e influír á hora de figurar na prensa, xa que por exemplo as tartarugas mariñas son más frecuentes no Mediterráneo que na costa galega ou cantábrica. Polo tanto os resultados que obtemos non nos permitirán establecer patróns ou analizar tendencias poboacionais, mais si nos poden axudar para coñecer a súa distribución no tempo.

Utilizáronse as palabras “tortuga” e “tartaruga” e obtívérонse 8.636 documentos. Evidentemente foi necesaria unha revisión e criba, xa que a inmensa maioría deles facían referencia á expresión “a paso de tortuga” ou á “sopa de tortuga”, ou a tortugas doutras partes do mundo, e mesmo ao revisar os documentos detectáronse erros dos buscadores, que segundo a calidade do documento identificaban como “tortuga” a palabra “Portugal”.




Figura 1. - Cita máis antiga atopada. Ondarroa, 08/04/1867(1).

3.- RESULTADOS

Atopáronse rexistros de 72 tartarugas varadas, observadas ou capturadas nas costas españolas. Non se tiveron en conta individuos descargados por barcos de pesca collidos noutros países. Destas, 66 son novas respecto á recopilación de Penas-Patiño e Piñeiro de 1989, **Táboa I**. A redacción das novas nos xornais varían moito dende simples notas nas que se destaca o gran tamaño do exemplar, a notas que inclúen peso e tamaño, e nun número reducido incluso a descripción morfolóxica ou identificación e mesmo fotografías.

Á hora de facer unha identificación para esta listaxe, foise o máis conservador posible e dado o limitado dos datos dispoñibles na maioría dos casos, decidiuse deixar como individuo non identificado a 36 deles, antes que ofrecer unha identificación baseándose en probabilidades. Nun caso fíxose a corrección da especie que se indicaba no texto orixinal (exemplar de Valencia do 18/07/1892), xa que se identificaba como "carrey" un individuo de 2 m de longo e máis de 200 kg de peso, talla que nunca acada a especie *Eretmochelys imbricata* (Revuelta e Tomás 2010). Das identificadas, 27 eran tartarugas de coiro (*Dermochelys coriacea*) e 3 tartarugas mariñas comúns (*Caretta caretta*). Cando foi posible detallouse a data da captura, varamento ou observación; se non, indícase a data de publicación, que se sabe por algúns casos no que se coñecen as dúas datas que pode chegar a ser ata 7 días posterior.




Figura 2. - Tartaruga en Castell del Ferro, 02/08/1925 (31).




Figura 3. - O xefe de cociña do Gran Hotel A Toxa intentando coller unha tartaruga para aproveitala. Segundo a crónica, non o conseguiu. Illa de A Toxa, 21/07/1966 (58)

Das 66 tartarugas, 45 foron capturadas accidentalmente. Non se pode establecer ningún tipo de taxa ou comparación con datos actuais, xa que é lóxico que chamase más a atención da prensa unha captura nun porto pesqueiro que un varamento nunha praia apartada de poboacións. Na **Táboa I** recóllese a información referente aos tipos de artes que se pode extraer das distintas notas.

Para 22 exemplares a nova apareceu en dúas ou máis publicacións distintas, mais na maioría dos casos incluindo o mesmo texto, a modo de nota de axencia, incluso con días de diferencia na súa publicación. Neste caso faise referencia ao medio que a publicou antes. No caso de que se publicasen textos que ofrecesen información complementaria útil para a identificación da especie ou a captura accidental, faise referencia ás distintas publicacións.

4.- CONCLUSIÓNS

Considerando os novos rexistros atopados, a revisión de hemerotecas con fondos dixitalizados constitúese como unha ferramenta útil para estudos de distribución, sobre todo en especies singulares que teñan relevancia suficiente como para aparecer nos medios de comunicación xeneralistas e son un bo complemento para a bibliografía técnica ou científica tradicional.

Resulta evidente que a dixitalización de fondos que nutre estas hemerotecas dixitais pode variar por momentos, ampliándose o número de cabeceiras ou anos dispoñibles, e incluso poden mellorar as ferramentas de búsqueda, co que os resultados presentados neste traballo poden verse ampliados nun futuro, sendo polo tanto a presentada aquí unha lista aberta.

5.- BIBLIOGRAFÍA

Brongersma, L.D., 1972. European Atlantic Turtles. Zoologische Verhandelingen. Rijksmuseum Natuurhistorisch, Leiden, 121. 318pp.

López, A., Covelo, P., Valeiras, X., Martínez-Cedeira, J.A., Alonso, J.M. e Díaz, J.I. 2014. Tartarugas mariñas nas costas de Galicia, s.XVIII-2013. Eubalaena nº13, 2-36pp.

Penas-Patiño, X.M. e Piñeiro, A. 1989. Cetáceos, focas e tartarugas mariñas das costas ibéricas. Ed. Consellería de Pesca, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 379pp.

Revuelta, O. e Tomás, J. ,2010. Tortuga carey – *Eretmochelys imbricata*. En: Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles. Salvador, A., Marco, A. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid. <http://www.vertebradosibericos.org/>

REFERENCIAS HEMEROTECA

- (1) La Correspondencia de España, 11/04/1867, pg 2. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (2) La Correspondencia de España, 18/06/1867, pg 2. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (3) La Lucha, 11/8/1880, pg 2. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (4) La Lucha, 18/06/1882, pg 3. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (5) El Bien Público, 26/05/1888, pg 2. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (6) Eco de Galicia, 21/06/1892, pg 2. Galicana.
- (7) El Isleño, 27/07/1892, pg3. Biblioteca Virtual de Prensa Historica.
- (8) El Bien Público, 01/08/1892, pg 3. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (9) El Guadalete, 27/04/1894, pg 2. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (10) El Liberal, 09/07/1894, pg 3. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (11) Gaceta de Galicia, 30/04/1895, pg 2. Galicana.
- (12) La Noticia Diaria, 13/07/1895, pg 2. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (13) Gaceta de Galicia, 03/08/1895, pg 2. Galicana.
- (14) La Provincia, 30/09/1896, pg 2. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (15) La Correspondencia de España, 15/06/1898, pg 2. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (16) Los Debates, 27/07/1898, pg 2. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (17) El Bien Público, 13/07/1901, pg 2. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (18) El Eco de Navarra, 17/07/1901, pg 2. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (19) Los Debates, 28/07/1903, pg 2. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (20) El Correo de Galicia, 12/01/1906, pg 3. Galicana.
- (21) Correspondencia Gallega, 15/01/1906, pg 2. Galicana.
- (22) El Bien Público, 11/03/1912, pg 2. Biblioteca Virtual de Prensa histórica.
- (23) Telegrama del Rif, 09/07/1916, pg 1. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (24) El Correo de Cádiz, 10/07/1919, pg 3. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (25) La Cruz, 05/09/1920, pg2. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (26) La Opinión, 08/09/1920, pg 2. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (27) Telegrama del Rif, 20/03/1921, pg 1. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (28) Boletín de la Real Sociedad Geográfica, volumen LXX, enero 1930, pg 156. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (29) Marinada publicación mensual, 01/07/1924, pg 19. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (30) El Pueblo Gallego, 29/07/1925, pg 5. Galicana.
- (31) La Unión Ilustrada, 02/08/1925, pg 34. Hemeroteca Digital BNE.
- (32) El Orzán, 22/05/1926, pg 1. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (33) El Pueblo Gallego, 30/05/1926, pg 1. Galicana.
- (34) El Bien Público, 09/06/1926, pg 3. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (35) La Prensa, 16/08/1927, pg 1. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (36) El Pueblo Gallego, 17/10/1928, pg 5. Galicana.
- (37) La Voz, 06/04/1929, pg 9. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (38) El Orzán, 04/12/1929, pg 2. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (39) Heraldo de Almería, 18/02/1931, pg 3. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (40) El Pueblo Gallego, 24/07/1931, pg 6. Galicana.
- (41) El Telegrama del Rif, 22/09/1931, pg 4. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (42) La Cruz, 13/07/1932, pg 5. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (43) El Pueblo Gallego, 28/09/1933, pg 11. Galicana.
- (44) El Pueblo Gallego, 02/08/1934, pg 5. Galicana.
- (45) Diario de Pontevedra, 04/06/1936, pg 4. Galicana.
- (46) Heraldo de Zamora, 13/12/1940, pg 1. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (47) El Compostelano, 16/10/1942, pg 2. Galicana.
- (48) El Pueblo Gallego, 05/07/1950, pg 2. Galicana.
- (49) La Noche, 20/08/1954, pg 1. Galicana.
- (50) La Región, 09/08/1955, pg 3. Galicana.
- (51) La Noche, 14/11/1955, pg 6. Galicana.
- (52) El Pueblo Gallego, 18/08/1956, pg 6. Galicana.
- (53) La Noche, 24/10/1956, pg 7. Galicana.
- (54) El Pueblo Gallego, 28/12/1956, pg 2. Galicana.
- (55) El Pueblo Gallego, 22/11/1961, pg 2. Galicana.
- (56) El Pueblo Gallego, 26/01/1962, pg 12. Galicana.
- (57) El Pueblo Gallego, 13/10/1965, pg 9. Galicana.
- (58) El Pueblo Gallego, 27/07/1966, pg 17. Galicana.
- (59) El Pueblo Gallego, 21/06/1970, pg 14. Galicana.
- (60) El Pueblo Gallego, 01/08/1970, pg 9. Galicana.
- (61) Mediterráneo, 01/08/1970, pg 1. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (62) Hoja Oficial de la Provincia de Barcelona, 09/04/1973, pg12. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (63) Hoja Oficial del Lunes, 31/12/1973, pg 19. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (64) Mediterráneo, 17/08/1975, pg 7. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (65) Mediterráneo, 12/11/1975, pg 8. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (66) Mediterráneo, 11/09/1977, pg 7. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (67) Mediterráneo, 07/09/1980, pg 2. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (68) Mediterráneo, 18/08/1982, pg 19. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.
- (69) Mediterráneo, 28/10/1982, pg 30. Biblioteca Virtual de Prensa Histórica.

DATA	ESPECIE	LUGAR	OBSERVACIÓNS	CAPTURA ACCIDENTAL	REF
08/04/1867	-	Ondarroa (Bizkaia)	7 arrobas (aprox 80kg) e mide 117cm de lonxitude por 70 de ancho	SI - non especificada	1
10/06/1867	DCO	Isla Cristina (Huelva)	50 arrobas (aprox 550kg)	SI - non especificada	2
11/08/1880 (p)	-	Sant Feliu de Guixols (Girona)	catro palmos e medio (aprox 90cm) e unhas tres arrobas en peso (aprox 33kg)	NON - Varamento	3
13/06/1882	-	Vilanova i la Geltrú (Barcelona)	50kg	SI - non especificada	4
25/05/1888	-	Alcudia (Illes Balears)	Peso de algunas arrobas	SI - non especificada	5
17/06/1892	DCO	Cabo Candor (Cádiz)	Máis dun metro de longo e co caparazón estriado en toda a súa lonxitude	SI - non especificada	6
18/07/1892	DCO	Valencia (Valencia)	2m, 200kg	SI - non especificada	7, 8
27/04/1894 (p)	-	Bajo Las Puercas (Cádiz)	Levada ao Museo Antropológico	SI - non especificada	9
09/07/1894 (p)	DCO	Isla Cristina (Huelva)	Diámetro non era menor de 2m e seu peso de 16-18 arrobas (aprox 180-200kg)	SI - Xávega	10
30/04/1895 (p)	-	Rianxo (A Coruña)	-	SI - non especificada	11
13/07/1895 (p)	-	Alacant (Alacant)	6 arrobas (aprox 70kg)	SI - non especificada	12
03/08/1895 (p)	-	Melilla (Melilla)	Pesaba 4 arrobas (unos 45kg). Trasladada a Málaga	NON - Recollida flotando	13
30/09/1896 (p)	-	Barcelona (Barcelona)	85kg. Atrapada na proa dun vapor que viña de Valencia, chegou viva a Barcelona	NON - Colisión	14
15/06/1898 (p)	-	Alacant (Alacant)	4 arrobas de peso (aprox 45kg)	SI - non especificada	15
27/07/1898 (p)	-	Tortosa (Tarragona)	-	SI - non especificada	16
12/07/1901	-	Menorca (Illes Balears)	1,50m, 42kg	SI - Deportiva	17
17/07/1901 (p)	-	San Sebastián (Gipuzkoa)	Levada a un ostrario no río Urumea	SI - non especificada	18
26/07/1903	-	Tarragona (Tarragona)	Unas 5 arrobas (aprox 55kg)	SI - Redes	19
07/01/1906	CCA	Porto do Son (A Coruña)	96kg, concha con varios moluscos está formada por 15 grandes escamas	NON - Recollida flotando	20, 21
10/03/1912	-	Mahón (Illes Balears)	Trasladada a Barcelona para consumo en esa cidade	?	22
09/07/1916 (p)	-	Melilla (Melilla)	90 kg	SI - non especificada	23
09/07/1919	DCO	Cádiz (Cádiz)	De 16 a 18 arrobas (aprox 180-200kg), en completo estado de descomposición	NON - Varamento	24
05/09/1920 (p)	-	L'Ampolla (Tarragona)	Dos arrobas y media (aprox 28kg), fue enviada a Barcelona	SI - Palangre	25, 26

Táboa 1.- Listado de individuos. CCA: *Caretta caretta*. DCO: *Dermochelys coriacea*. (p): data de publicación

DATA	ESPECIE	LUGAR	OBSERVACIÓN	CAPTURA ACCIDENTAL	REF
20/03/1921 (p)	DCO	La Gomera (Tenerife)	Unha tartaruga descoñecida nestas augas que pesa máis de 160kg	SI - non especificada	27
Xaneiro de 1923 (p)	CCA	Melilla (Melilla)	-	NON - Recollida flotando	28
20/07/1924 (p)	DCO	Palamós (Girona)	340kg.	SI - non especificada	29
29/07/1925 (p)	-	Tarragona(Tarragona)	50kg, caparazón 60cm longo, 52cm ancho	SI - non especificada	30
02/08/1925 (p)	-	Castell del Ferro (Granada)	107 libras (aprox 48kg)	NON - Varamento	31
22/05/1926 (p)	-	Fisterra (A Coruña)	vista xunto con outra. Collida só esta e levada a Coruña. 1m de longo e 60cm ancho, 55kg.	NON - Recollida flotando	32
22/05/1926 (p)	-	Fisterra (A Coruña)	vista xunto con outra, esta non foi collida	NON - Observacion	32
30/05/1926 (p)	-	Corme (A Coruña)	25-30cm. Colleuna un pescador de Fisterra fronte a Corme e tena na súa casa	SI - non especificada	33
09/06/1926 (p)	-	Mahón (Illes Baleares)	Enviada a Barcelona	?	34
10/08/1927	-	Las Palmas (Las Palmas)	140cm, 70kg. Entregada ao museo de Canarias	SI - Redes	35
16/10/1928	DCO	Tazones (Asturias)	Mesma especie e dúas veces máis voluminosa que a enviada a Madrid en xuño dende o mesmo sitio	NON - Observación	36
04/04/1929	-	La Caleta (Málaga)	50cm	NON - Varamento	37
04/12/1929 (p)	-	Bermeo (Bizkaia)	Enviada ao rector da Universidade de Santiago para o Museo de Historia Natural	?	38
18/02/1931 (p)	-	Suances (Cantabria)	105cm, 54kg	NON - Recollida flotando	39
24/07/1931 (p)	DCO	Corrubedo (A Coruña)	Desembarcada no porto de Vigo, mide 1,40m	SI - non especificada	40
22/09/1931 (p)	-	Melilla (Melilla)	50kg.	SI - Deportiva	41
13/07/1932 (p)	-	Valencia (Valencia)	-	SI - non especificada	42
27/09/1933	CCA	Marín (Pontevedra)	Depositada no acuario do Museo de Ciencias Naturales de Marín	NON - Recollida flotando	43
02/08/1934 (p)	DCO	Agaete (Las Palmas)	2m largo, 1,5m ancho	SI - Redes	44
04/06/1936 (p)	-	Ría de Ferrol (A Coruña)	70kg. 75cm longo e 55cm diámetro caparazón. Levada ao Centro Obrero	NON - Recollida flotando	45
13/12/1940 (p)	DCO	La Línea de la Concepción (Cádiz)	220 cm longo, 130 cm ancho, 700kg	SI - non especificada	46
16/10/1942 (p)	DCO	Marín (Pontevedra)	El peso excedía dos 100kg e tiña de longo uns 2m	SI - non especificada	47
05/07/1950 (p)	-	Vigo (Pontevedra)	50kg. Entregada a D. Luis Iglesias para o Museo de Historia Natural.	SI - non especificada	48
20/08/1954 (p)	-	Barbate (Cádiz)	-	NON -	49
09/08/1955 (p)	DCO	Huelva (Huelva)	pesa aproximadamente 200kg. Varias hileras de dentes	SI - non especificada	50
13/11/1955	DCO	Roses (Girona)	200kg de peso.	SI - Redes	51

DATA	ESPECIE	LUGAR	OBSERVACIÓNS	CAPTURA ACCIDENTAL	REF
24/10/1956 (p)	DCO	San Vicente do Mar (Pontevedra)	450kg., desembarcada en Vigo. Vendida por 250 pesetas, todavía viva	SI - Palangre	53
27/12/1956	DCO	I. Malveiras-Carril (Pontevedra)	250 kg de peso	SI - Redes	54
21/11/1961	DCO	Pasaia (Gipuzkoa)	Peso de 350kg	SI - non espe-cificada	55
26/01/1962 (p)	DCO	Estaca de Vares (A Coruña)	420kg, levada ao porto de Viveiro	SI - Redes	56
13/10/1965 (p)	DCO	Lluarca (Asturias)	250kg, 1,80m	SI - non espe-cificada	57
21/07/1966	DCO	Illa de A Toxa (Pontevedra)	Levada á Toxa. Uns 300kg. Distinta á do 14/07/1966	SI - non espe-cificada	58, 59
18/06/1970	DCO	Ría de Arousa	Máis de 2m de largo y un de ancho, calculándosele su peso en más de 200kg	NON - Recollida flo-tando	59
01/08/1970 (p)	DCO	Huelva (Huelva)	450kg peso, 3m longitud. Vendida por 200 ptas. Ten unha anela sen inscripción	SI - Palangre	60, 61
09/04/1973 (p)	-	Vilanova i la Geltrú (Barcelona)	Pesa uns 100kg	SI - non espe-cificada	62
31/12/1973 (p)	DCO	Fisterra (A Coruña)	400kg., desembarcada en Marín. 2m lonxitude. Gardada en frigoríficos para ser enviada a Mallorca	SI - non espe-cificada	63
17/08/1975 (p)	-	Castelló de la Plana (Castellón)	47kg. Capturada en concurso de pesca de atún	SI - Deportiva	64
12/11/1975 (p)	DCO	Marbella (Málaga)	1,50m, sobre 250kg	NON - Observación	65
11/09/1977 (p)	-	Castelló de la Plana (Castellón)	Capturada en concurso de pesca de atún	SI - Deportiva	66
06/09/1980	DCO	Santa Cruz de Tenerife (Tenerife)	350kg, 1,98m longo.	SI - Redes	67
18/08/1982 (p)	-	Castelló de la Plana (Castellón)	Capturada en concurso de pesca de atún	SI - Deportiva	68
28/10/1982 (p)	DCO	Isla de Tenerife (Tenerife)	Máis de 300kg, 2 m de loxitude	NON - Observación	69